

María Solar

Son escritora e xornalista. Coordino os programas de cultura da CSAG e presento o cultural Zigzag fin de semana en Televisión de Galicia.

Nacín o día de Nadal de 1970 en Santiago de Compostela. De nena o meu tempo pasaba entre libros e televisión, e de adulta, fixen de ámbalas dúas a miña profesión. Así que teño a sorte de traballar no que me gusta e por iso son afortunada.

Presumo de ser de ciencias e letras. Licencieime en Bioloxía (USC) e en Xornalismo (SEK Segovia), son tamén diplomada en Maxisterio (USC), e teño o título de Especialista en Información Ecolóxica e Ambiental (Universidade Politécnica de Madrid). A miña antiga facultade honroume como membro do Comité Consultivo da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Son membro da AGA, AELG e Gálix (entre 2025-26 membro da Xunta Directiva) e UNICEF nomeoume “amiga” en 2023.

Sempre me centrei no mundo da comunicación e o xornalismo como presentadora e directora de programas de televisión e radio, en ocasións colaboro en prensa e revistas. Fun tamén actriz de dobraxe. **A escrita** xurdiu despois, pechando o círculo.

No xornalismo:

Presento o veterano programa de cultura de Televisión de Galicia *Zigzag fin de semana* e coordino cultura en CSAG. Desde hai máis de 25 anos son xornalista da TVG e a Radio Galega. Para TVG presenteí un gran número de espazos de todos os xéneros como o cultural *ZigZag Diario*, o magacín *A Revista fin de semana*, *Ciencianosa*, *En pé de festa*, *Arrampla con todo*, galas, programas especiais, etc. Na Radio Galega acumulei tamén ampla experiencia

na que destacan os oito anos dirixindo e presentando o magacín da tarde *As Tardes da Galega* ou o programa de libros *Chamando á Terra*.

No mundo da comunicación recibín diversos recoñecementos, entre eles *ZigZag Diario* da TVG, conseguiu en 2012 e 2013 o premio Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual ao mellor programa de TV, que repetiu en 2018 *A revista Fin de semana*; en 2013, 2017, 2018 e 2019 fun finalista a Mellor Comunicadora de TV; recibín o 2º premio Galicia Innovación de Xornalismo de Investigación.

Na literatura:

Escribir é a miña outra paixón e profesión, xunto ao xornalismo. Dúas caras da comunicación. As miñas novelas tiveron por destinatario tanto o público adulto como o de todas as idades, porque así entendo a literatura infantil e xuvenil: como literatura para todas as idades.

Tiven a sorte de contar co respaldo e o apoio dos lectores e de conseguir premios e traducións a outros idiomas.

O meu pesadelo favorito é o meu libro máis galardoado, conta co premio Lazarillo de Creación Literaria 2014, foi incluído na prestixiosa lista White Ravens 2016 da biblioteca de Munich na que seleccionan anualmente os mellores libros infantís do mundo, Libro do ano 2015 na revista Fervenzas Literarias e premio ao Mellor Libro Infantil-Xuvenil na Gala do Libro Galego. *A verdadeira historia da mosca da tele*, recibiu o Premio Frei Martin Sarmiento 2014; e *Vou ter un irmán!!!* no 2013. Con *Teño uns pés perfectos* entrei de novo na lista White Ravens 2017. No mesmo ano *As horas roubadas* foi elixida Mellor Novela para Adultos no Premio Frei Martin Sarmiento. En 2018 *Os nenos da varíola* foi recoñecida como mellor obra xuvenil na Gala do Libro Galego. Posteriormente, adaptouse ao teatro con gran éxito e premios. En 2019, outorgáronme o Premio de Creación Literaria Ínsua dous Poetas por toda a miña traxectoria. En 2022 gañei o prestixioso **Premio Xerais de Novela** coa obra *A culpa*. Posteriormente viron a luz *Adeline* (finalista do premio Jules Verne) e *As malas ideas*.

A miña obra, escrita orixinalmente en galego, pódese ler tamén en castelán e catalán. Fun traducida internacionalmente ao polaco, portugués, filipino, italiano e chinés.